



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ANUNCIO**

**OBRIGA DO MANTEMENTO DE FINCAS EN BÓ ESTADO**

Coa chegada do verán, as altas temperaturas alcanzadas e a sequía que se pode chegar a padecer, lémbrese que os titulares de terreos teñen o deber de conservar e manter o solo natural e a masa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios forestais, ademais de mantelos en condicións de seguridade e salubridade con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, xa que existe un alto risco de incendio que podería afectar a persoas, vivendas e outros bens.

Todas as administracións públicas deben prestar a súa colaboración na loita contra os incendios forestais, pero para esta Entidade, como propietaria do noso monte comunal, fonte de riqueza da parroquia, este deber é inescusable.

Tanto a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia como a Lei 2/2016, do solo de Galicia, coinciden en establecer estas obrigas, con importantes sancións para os que as incumpran, sen esquecer que se podería incorrer en cuantiosas responsabilidades civís ou penais.

**Por elo, esta Entidade informará á Administración competente das parcelas da parroquia que non esten en debidas condicións de limpeza, coa finalidade de que llo requira aos seus titulares.**

**En consecuencia, lémbreselle a todos os propietarios que deben limpar as súas fincas de maleza e outro lixo coa máxima urxencia.**

**Igualmente, co fin de evitar danos ao medio ambiente, aos bens inmóbles, vehículos e ás persoas que transitan pola vía, deberán manter as beiras das vías e camiños limpas de vexetación, respectando as faixas de seguridade establecidas na normativa vixente.**

**No caso de observar un lume forestal, rógase que avisen ao teléfono 085, ou ben ao 112 se a liña estivese ocupada (chamadas gratuítas).**

Bembrive, 20 de xuño de 2018  
A Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Concepción Martínez Rodríguez

